

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE MAIO DE 2021.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e seis de maio de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

1. PERSOAL.- Acórdase a aprobación das bases do proceso selectivo para o nomeamento, como funcionario/a interino/a, dunha praza de técnico/a superior a1, experto/a na xestión de estratexias Dusi.

Tamén se acorda a. aprobación das "bases para a selección dun/dunha técnico/a en comunicación (grupo profesional II) para o proxecto Europe Direct".

Tamén se acorda o nomeamento dun funcionario de carreira do Excmo. Concello de Lugo, para desempeñar a praza de director/a da banda de música (grupo de titulación: grupo a (subgrupo A1); escala: administración especial; subescala: técnica; clase: superior).

Acórdase estimar o recurso de reposición interposto contra ao decreto 17011339 do 26/12/2017 polo que se convoca o proceso selectivo mediante o sistema de oposición, para o acceso en propiedade a unha praza de axudante de cociña-limpeza pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, reservada a discapacidade intelectual.

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a corrección error material do acordo núm. 4/273 e do prego de cláusulas administrativas relativo a contratación de un sistema de seguridade perimetral no Concello de Lugo no marco de la estrategia de desarrollo urbano sostenible integrado Dusi Muramiña: da muralla ao Miño - CP: 16dusi001 incluído no programa operativo Feder orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro con financiación del 80%. Exp. Ref.2021-C004-000010.

Aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade e a apertura do procedemento de contratación na contratación da subministración da peza única "Peregrina en Lugo". Exp. ref. 2021CC004-000017.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación da subministración de produtos de limpeza de instalacións deportivas. Expte ref: 2021/C004/000004.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto. na contratación dun servizo de xestión catastral e a apertura do procedemento de adxudicación. Expte. ref. 2021/C003/000018.

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

3. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión de licenza urbanística para ampliación e acondicionamento de nave industrial de planta baixa e planta alta, con licencia 143/2017, para almacén de neumáticos, na rúa dos Canteiros s/n. (expte: 2020/Y001/000358).

Así mesmo, acórdase a denegación da licenza urbanística para construción dunha edificación destinada a guardar aperos e útiles agrícolas e para almacén de semillas e produtos recolectados no horto e un invernadoiro existentes en Astaríz (O Veral) (expte: 110/17).

Tamén se acorda a concesión da licenza urbanística para a agregación de dúas parcelas e posterior segregación en dúas parcelas independentes, parcela 87 (lateral izquierdo) e parcela 88 (lateral derecho), e obras de reforma e división da edificación, con licenzas 149/81 e 844/05 en dúas naves independentes en cada unha das parcelas, na rúa da Industria números 87-88,(expte:2020/Y005/000007).

Acórdase a denegación da licenza urbanística para legalizar as modificacións xa executadas na edificación para exposición, venda e almacén e servizos do automovil, consistentes en pequenas variacións de distribución novos ocos de fachada e cambio do tipo de estrutura da edificación con licenza 1192/12, na estrada da Coruña, número 103, subparcela 1. (Expte: 100/99).

Tamén se acorda a denegación da licenza urbanística para nave composta por planta soto e planta baixa para uso industrial, sen actividade definida, na estrada da Coruña, número 103. (expte:99/19).

Do mesmo xeito, acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para rehabilitación de fachadas en edificio de vivendas, repaso xeral de cuberta, rehabilitación de patios de luces e impermeabilización de voos de terrazas existentes, na rúa Pascual Veiga, números 12-14. (expte: 2020/Y001/000172; para

reorganización das parcelas sitas en Coeo (San Vicente). (expte:2021/Y001/000005; para instalación de ascensor no edificio de vivendas sito na rúa do prado, número 21. (expte: 2021Yy001/000097) e para a construción dunha edificación auxiliar de 90 m² de superficie anexa a vivenda unifamiliar tradicional, existente no núcleo rural de en Castelo-Cerracín-Cacabelos nº 5 parroquia de Mazoi. (expte: 2021/Y001/000095).

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.